

GRAO

en Enxeñaría Aeroespacial

Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo Campus de Ourense

RAMA DE COÑECEMENTO

Enxeñaría de arquitectura

CRÉDITOS ECTS TOTAIS

240

DESCRICIÓN

O Grao en Enxeñaría Aeroespacial forma futuros enxeñeiros e enxeñeiras técnicos aeronáuticos (profesión regulada) que se ocupan do deseño, construción, mantemento e mellora de aeronaves e

de vehículos espaciais, así como de todo o equipamento, subsistemas e infraestruturas que requiren estas.

ÁREAS

- Deseño, fabricación, desenvolvemento, mantemento e mellora de aeronaves ou vehículos espaciais, sistemas de propulsión aeroespacial, infraestruturas aeroportuarias, aeronavegación e calquera sistema de transporte aéreo ou xestión do tráfico aéreo.
- Verificación e certificación aeronáutica: redac-

ción e dirección de proxectos de peritaxe, certificados de navegabilidade, inspeccións de material aeroespacial, ditames e asesoramento técnico en áreas relativas á súa especialidade, control de calidade, ensaios técnico-experimentais...

- Medio ambiente: análise e avaliación do impacto ambiental e social dos deseños técnicos.

SAÍDAS PROFESIONAIS

- Industrias do sector aeronáutico
- Empresas aeroespaciais
- Sector militar aéreo
- Aeroportos: desenvolvemento, mantemento e control de infraestruturas
- Compañías de transporte aéreo: mantemento e asesoría técnica

- Asesoría e consultorio sobre materias de enxeñaría e tecnoloxía aeroespacial
- Docencia en centros públicos e privados
- Investigación e transferencia de tecnoloxía: centros públicos e privados ou departamentos de innovación e desenvolvemento de empresas

+ INFO

O título habilita para o exercicio da profesión regulada de enxeñeiro/a técnico aeronáutico en cada un dos ámbitos indicados nas súas mencións

implantadas en Ourense:

- Aeronaves
- Equipos e materiais aeroespaciais

CONTACTO

aero.info@uvigo.es

aero.uvigo.es



en *Enxeñaría* *Aeroespacial*

PRIMEIRO CURSO

Primeiro cuadrimestre

- Matemáticas: cálculo I
- Matemáticas: álgebra lineal
- Física: física I
- Expresión gráfica
- Informática

Segundo cuadrimestre

- Matemáticas: cálculo II
- Física: física II
- Química
- Empresa: administración da tecnoloxía e a empresa
- Tecnoloxía aeroespacial

SEGUNDO CURSO

Primeiro cuadrimestre

- Matemáticas: métodos matemáticos
- Enxeñaría eléctrica
- Termodinámica
- Ciencia e tecnoloxía dos materiais
- Mecánica clásica

Segundo cuadrimestre

- Matemáticas: estatística
- Mecánica de fluídos
- Electrónica e automática
- Transporte aéreo e sistemas embarcados
- Resistencia de materiais e elasticidade

TERCEIRO E CUARTO CURSO

Materias comúns a ambas as especialidades:

- Mecánica de sólidos e estruturas aeronáuticas
- Fabricación aeroespacial
- Mecánica de fluídos II e CFC
- Aerodinámica e aeroelasticidade
- Enxeñaría de sistemas e comunicacións aeroespaciais
- Dirección e xestión de proxectos

Optativas xerais (en cuarto curso elixense tres)

Sistemas de navegación, MEF dinámico e vibracións, Materiais para a industria aeroespacial, Sistemas en tempo real, Meteoroloxía, Avións non tripulados, Radar, Fundamentos de láser para tecnoloxías aeroespaciais, Tecnoloxías da información e das comunicacións, Sistemas de xestión da información, Sistemas de comunicacións avanzados en vehículos aeroespaciais, Sistemas CAD aplicados ao deseño aeroespacial, Tecnoloxías para a conformación de materiais aeroespaciais, Cartografía e xeodesia,

Aplicación dos microcontroladores en sistemas aeroespaciais, Instrumentación electrónica encaixada.

Mención en aeronaves

- Aerorreactores e motores alternativos aeronáuticos
- Deseño mecánico, MEF e vibracións
- Vehículos espaciais
- Aeronaves de ala fixa e rotatoria
- Mecánica do voo
- Mantemento e certificación de vehículos aeroespaciais

Mención en equipos e materiais aeroespaciais

- Cálculo numérico
- Aliaxes e materiais compostos aeroespaciais
- Mecánica analítica e orbital
- Sistemas de propulsión
- Vehículos aeroespaciais
- Mecánica do voo
- Control e optimización

aero.uvigo.es